



14 de abril de 2012. Este pasado 14 de abril, cabodano da República, centos de persoas desafiando unha choiva por veces torrencial, marchamos para pedir a declaración do Parque Natural do Monte Pindo. No medio dun ambiente festivo e fraterno, e acompañados polas gaitas, fixémoslle saber á Xunta con berros de "**Monte Pindo, Parque Natural**", "**Queremos**

salvar o noso Pedregal

", "

A xente di que si, a Xunta di que non

", ou "

Máis inversións, e menos intencións

" ou

"Que a Xunta protexa o Olimpo Celta"

, que non imos renunciar á xusta reivindicación de que o Monte Pindo sexa o sétimo parque natural de Galiza. A manifestación convocada pola

[Asociación Monte Pindo Parque Natural](#)

percorreu os 3 quilómetros que separan o Ézaro do Pindo, nunha demostración do masivo respaldo que a proposta de dotar ao Olimpo Celta desa figura de protección e desenvolvemento sustentábel, suscita na comarca e en todo o País.

A marcha contou co apoio dos alcaldes de Carnota e Dumbría, e foi secundada por destacados persoeiros da vida cultural, empresarial e política, así como por un extenso listado de entidades sociais de todo tipo (que figuran ao pe desta nota). No remate, que coincidiu cunha esperanzadora saída do sol, liuse o seguinte manifesto:

MANIFESTO POLO PARQUE NATURAL DO MONTE PINDO O 7 de setembro do ano 2010, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Sociedade Galega de Historia Natural presentan unha proposta no Observatorio Galego da Biodiversidade, para a declaración do Monte Pindo, Parque Natural. Ao abeiro desta proposta un grupo de persoas concienciadas con ese sentimento reúnense para crear unha asociación que apoie e defenda esa proposta. Así é como o 17 de outubro do 2010 nace a Asociación Monte Pindo Parque Natural, cuxo fin non é outro que apoiar a a declaración do Monte Pindo como parque natural. Pensamos os membros da asociación o que moitos galegos e galegas xa viñan dicindo fai tempo: que xa abonda, que o Monte Pindo non pode seguir abandonado á súa sorte, que todos xuntos temos que facer algo por recuperalo.

Por outra banda a Xunta de Galiza, o noso máximo organismo, aquel que ten que mirar polos galegos e todo o seu, tamén ten que mover ficha, non pode ficar de paparolo ollando como o noso patrimonio natural é destruído. Nós coidamos que o parque natural é a figura axeitada para a protección integral do Monte Pindo. Despois de máis dun longo ano de xa duro traballo

e numerosas reunións e encontros a Xunta de Galiza di que tal como está agora xa está ben protexido. U-la protección? O Pedregal sofre devastadores incendios cada década, os vehículos a motor campan ás súas anchas por toda a serra, atinxindo dano a flora e a fauna e estragando os camiños tradicionais, o noso patrimonio arqueolóxico é atacado e saqueado, lembrémonos do ataque vandálico a inscrición de Penafiel. Este non é desgraciadamente o único acto rexeitábel, pois por todas partes aparecen pintadas que destruen a beleza natural do Olimpo Celta. O 4 de febreiro do ano 2012, a Comisión 7ª do Parlamento Galego ven de rexeitar unha Proposición non de lei apoiada polos grupos da oposición para instar a Xunta a declarar o Monte Pindo parque natural, unha vez máis a Xunta volve a rexeitar o criterio de de numerosos científicos, profesores universitarios, viciños, e ducias de colectivos sociais e sectoriais. O Olimpo Celta está clasificado como punto xeolóxico do estado español, polo seu abrupto relevo de rochas graníticas a rentes do mar. Ten un total de oito especies de plantas protexidas polo Catalogo Galego de Especies Ameazadas. Tres especies de fauna protexidas polo Catalogo de Especies Ameazadas, e sete especies protexidas polo Libro Vermello de Vertebrados de España. O estado español valorou declarar o Monte Pindo parque natural no ano 1917, ¡levamos 100 anos agardando que se faga realidade! ¡100 anos de oportunidades perdidas!. Porque reclamamos o parque natural para o Monte Pindo? Porque o parque natural pode desenvolver as medidas necesarias, vixilancia, para a prevención de incendios forestais. O Monte Pindo é un lugar cun alto potencial turístico, deben fomentarse os usos turísticos e recreativos sustentábeis, que non fagan minguar a calidade ambiental da área, nin poñan en perigo a conservación dos seus valores naturais e culturais. Que se creen partidas e postos de traballo para impulsar e programar actividades de información, interpretación e educación ambiental e o recoñecemento do patrimonio natural e cultural, que logren o respecto imprescindible para logralos obxectivos de conservación. O parque natural pode promover a salvagarda dos bens e valores históricos, artísticos, culturais e arqueolóxicos, porque a Xunta de Galiza está obrigada a velar pola conservación e restauración nos casos que se requira dos valores arqueolóxicos histórico artísticos e etnográficos, e en xeral por todas as manifestacións artísticas que existan nun parque natural. No ano 2011 presentouse no Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, da Universidade da Coruña, a tese doutoral “Xéneses de cavidades graníticas en ambientes endóxenos e esóxenos”. Foi presentada por Juan Antonio Mayor Rodríguez, e dirixida polo profesor Juan Ramón Vidal Romaní. Sobre a importancia do macizo do Pindo o relator da tese é claro: *“No referente a vertente humana e social, cremos que estas formas que acabamos de estudar deben ser consideradas como monumentos naturais e polo tanto ser obxecto de especial protección polas autoridades competentes. Ser referentes no que atinxe a súa xeomorfoloxía granítica, como xa o son noutras partes do mundo como por exemplo os Yosemite en California, Castle Rock en Idaho, ou Kangaroo Island en Australia. Son referentes en primeira liña a fervenza do Xallas, os tafoni-cova e os tafoni-pía, o cume da Moa e ás formas graníticas que se atopan o longo do seu percorrido. Por todo elo é ben merecida a aspiración a parque natural como figura legal pertinente de esta zona”*.

Hoxe 14 de abril do ano 2012, reclamámoslle a Agustín Hernández, Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galiza, que sen máis dilación declare o parque natural do Monte Pindo. E isto significa xa. Reclamámoslle que non peche os ollos a petición dos galegos e das galegas hoxe aquí xuntados. Non imos parar ate ter os nosos obxectivos cumpridos. Máis cedo que tarde o noso soño de ser parque natural vai-ser realidade.

Parque natural XA!

CONVOCA Asociación Monte Pindo Parque Natural

APOIAN (por orde cronolóxica) [Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza \(ADEGA\)](#) · [Sociedade Galega de Historia Natural \(SGHN\)](#)

· [Asociación Profesional do Sector Turístico da Costa da Morte \(APTCM\)](#)

· [Galiza Nova](#)

· [Bloque Nacionalista Galego](#)

· [AC Canle \(Lira\)](#)

· [Cooperativa de Agricultura Ecolóxica Rainha Lupa \(Quilmas\)](#)

· [Plataforma pola defensa de Quilmas \(Quilmas\)](#)

· Plataforma pola defensa do Xallas (Costa da Morte) · Xurde Caldebarcos (Caldebarcos) · Comunidade de Montes de Caldebarcos ·

[Galinus, Taller de Novos Medios](#)

· [Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago \(AGACS\)](#)

· [Lonxanet](#)

· [Club Montañeiros Celtas](#)

· [Colectivo Urbano Lugrís](#)

· [Confraría de Pescadores do Pindo](#)

· [Proxecto Pindo Mariño](#)

· [Confraría de Pescadores de Lira](#)

· [Proxecto Mar de Lira](#)

· [Cántigas da Terra](#)

· [AC Cultura do País](#)

· [Amigos da Terra](#)

· Asociación de Veciños Os Castros (Pontedeume) ·

[Asociación de veciños Atocha, Monte Alto e Torre de Hércules \(A Coruña\)](#)

· [ARCD Palavea Bravú \(A Coruña\)](#)

· [FRUGA \(Federación Rural Galega\)](#)

·
[Luar na Lubre](#)

·
[AEC Verbo Xido \(Terra de Montes\)](#)

·
[Real Academia Galega](#)

·
[Amorim + Doporto Arquitectos](#)

·
[Comités](#)

·
[CostaMeiga.com](#)

·
[ACDR O Patín \(Carnota\)](#)

·
[Ecogalego.org](#)

·
[Asociación Neria](#)

·
[Asociación Galega de Horticultura Urbana](#)

·
[Banco de Tempo Fervello](#)

·
[Amigos dos Museos de Galicia](#)

·
[ASOAR-ARMEGA](#)

·
[Associaçom Galega da Língua](#)

· Asociación ecoloxista Naturviva ·

· [Asociación Veciñal do Saviñao \(Lugo\)](#)

·
[Asociación Xuvenil para o Estudo da Natureza \(AXENA\)](#)

·
[Colectivo Nacionalista de Marín](#)

·
[Encontro Irmandiño](#)

·
[Agrupación Micolóxica Naturalista Liboreiro \(Bueu\)](#)

·
[Plataforma en Defensa dos Montes do Morrazo](#)

·
[Zocamiño](#)

·
[Asociación de Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#)

·
[Instituto Universitario de Xeoloxía Parga Pondal](#)

-
- [Clube Espeleolóxico Máuxo \(CEM\)](#)
-
- [Verdegaia](#)
-
- [EQUO](#)
-
- [Plataforma pola defensa da Serra do Galiñeiro](#)
-
- [Asociación Motivos d'Aldea \(Bueu\)](#)
-
- [A Ría non se vende](#)
-
- [aCentral Folque](#)
-
- [Asociación Galega de Apicultura \(AGA\)](#)
-
- [Club de Montaña e Escalada Azimut](#)
-
- [Finisterrae](#)
-
- [Galiza non se vende](#)
-
- [Permacultura Eiras do Minho](#)
-
- [Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo CÍES](#)
-
- [Salvemos Monteferro](#)
-
- [Asociación de Empresarios Costa da Morte](#)
-
- [Asociación Galega de Custodia do Territorio \(AGCT\)](#)
-
- [Asociación Socio-Cultural O Iríbio \(Triacastela\)](#) ·
- [Árbore Consumo Consciente](#)
-
- [Federación Ecoloxista Galega \(FEG\)](#)
-
- [Foro Social de Cangas](#)
-
- [Sociedade Galega de Ornitoloxía](#)
-
- [Partido da Terra](#)
-
- [Asociación Pro Enfermos Mentales \(APEM\)](#)
-
- [Colectivo Ecoloxista do Salnés \(CES\)](#)

- [Fundación Sen Esquencer](#)
- [Fundación Gonzalo López Abente \(Muxía\)](#)
- [Confederación Intersindical Galega \(CIG\)](#)
- [Asociación Ambiental Senda Nova](#)
- [Asociación Cultural Monte da Estrela \(Arteixo\)](#)
- [Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia](#)
- [Asociación Cultural Mar de Muros](#)
- Charanga Tabernícolas do Leiradal · Parque Natural de Barbate